



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

Dn. ROMÁN RODRIGUEZ

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E CULTURA

SAN CAETANO S/N

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estimado Conselleiro,

No pasado mes de outubro mantivemos unha xuntanza institucional na sede da súa Consellería co obxecto de facerlle chegar a petición unánime da comunidade educativa do colexio público "Felipe de Castro", para a construción dun pavillón polideportivo.

Tamén o pleno da Corporación Local de Noia aprobou por unanimidade unha proposta formulada polo goberno local para pedirle á Xunta de Galicia a construción do citado pavillón polideportivo e así llo fixemos saber a vostede.

Na primeira semana do mes de novembro remitímoslle un anteproxecto tal e como quedaramos comprometidos con vostede ao tempo que lle solicitábamus unha reunión para volver a abordar este proxecto e ver as posibilidades existentes.

Estamos rematando o mes de decembro e seguimos sin ter resposta á petición de reunión que formulamos fai casi dous meses.

É por iso, que volvo a solicitarlle novamente a celebración urxente dunha reunión institucional para abordar a posible construción por parte da Xunta de Galicia do pavillón polideportivo do colexio "Felipe de Castro".

Despídome de vostede, agardando a súa resposta.

Reciba un cordial saúdo

Noia, 29 de decembro de 2015

Asdo. Miguel A. Paz Barreiro

Alcalde de Noia

